

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

9261 *Circular 2/2017, do 28 de xullo, do Banco de España, pola que se modifica a Circular 5/2015, do 30 de setembro, pola que se desenvolven as especificidades contables da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A.*

O número 10 da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, regulou as especificidades contables que aplicaría a Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (en diante, Sareb), na elaboración das súas contas anuais, referidas ao rexistro contable inicial dos activos transferidos, á determinación dos seus valores actualizados, ao cálculo das correccións valorativas e ao recoñecemento dos ingresos xerados como consecuencia do proceso de xestión e liquidación ordenada de todos os activos. De acordo coa habilitación prevista na disposición adicional antes mencionada, o Banco de España desenvolveu as especificidades anteriores e, especialmente, os criterios en que se debería basear a metodoloxía desenvolvida pola Sareb para estimar o valor dos activos, mediante a Circular do Banco de España 5/2015, do 30 de setembro, pola que se desenvolven as especificidades contables da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A.

O Real decreto lei 4/2016, do 2 de decembro, de medidas urxentes en materia financeira, modificou a letra c) do número 10 da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, co fin de establecer, entre outros aspectos, un novo criterio de rexistro da deterioración dos activos da Sareb. En concreto, prevese que o recoñecemento das correccións valorativas por deterioración de valor dos activos se deberá realizar con cargo directamente ao patrimonio neto da entidade, e que estes axustes permanecerán no patrimonio neto ata que, cando o resultado do exercicio sexa positivo, se produza a súa imputación á conta de perdas e ganancias. O real decreto lei prevía tamén, na súa exposición de motivos, que os efectos da aplicación da nova norma se tratarían como cambio de criterio contable.

A presente circular ten como finalidade incorporar á Circular 5/2015 os novos criterios de rexistro contable da deterioración, así como concretar as regras da súa reversión. A adecuación do contido das circulares do Banco de España ás normas de rango superior débese considerar *per se* unha cuestión de interese xeral. Tras a modificación introducida polo Real decreto lei 4/2016, procédese, polo tanto, a recompoñer esta adecuación a través do único instrumento dispoñible: a modificación da propia circular do Banco de España seguindo os trámites procedementais pertinentes. En consecuencia, esta circular adécuase aos principios de necesidade e eficacia exixidos polo artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aténdese tamén aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia establecidos na norma citada porque, ao regularse o que xa está establecido nunha norma de rango superior sen impor novas obrigacións, a circular ten o contido imprescindible para atender a necesidade identificada, pretende asegurar a coherencia do ordenamento xurídico contribuíndo á xeración dun marco normativo integrado e claro e evita cargas innecesarias.

O principio de transparencia na elaboración desta norma respéctase mediante as explicacións que este preámbulo incorpora, a consulta aos sectores interesados e o trámite de audiencia pública a través da web do Banco de España realizados no curso da súa elaboración.

Esta circular consta dunha norma única, pola que se modifica a norma terceira da Circular 5/2015 no relativo ao recoñecemento da deterioración.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén a seguinte norma:

Norma única. *Modificación da Circular 5/2015.*

Modifícanse os números 1 e 2 da norma terceira da Circular 5/2015, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. No momento do peche de cada exercicio, ou cada vez que a entidade deba proporcionar información pública sobre a súa situación financeira referida a outra data, a Sareb avaliará a necesidade de efectuar correccións valorativas por deterioración de valor de cada unha das «unidades de activos». Para iso, deberá analizar, coa mellor información dispoñible, se o valor en libros da «unidade de activos» (incluída, de ser o caso, a devindicación de xuros para os activos financeiros representativos de débeda e unha vez deducida a deterioración de valor acumulado previamente recoñecido) resulta superior ao valor estimado da «unidade de activos» no seu conxunto, conforme a metodoloxía desenvolvida pola Sareb segundo os criterios establecidos na norma cuarta desta circular. A deterioración de valor acumulado reflectirase no balance asociado a cada «unidade de activos» no seu conxunto. A Sareb recoñecerá a deterioración de valor neto do seu efecto fiscal, con cargo a unha conta da epígrafe «Axustes por cambio de valor» do patrimonio neto. O saldo debedor desta conta imputarase á conta de perdas e ganancias, cando o resultado do exercicio sexa positivo, pola totalidade deste importe. Para estes efectos, considerarase o beneficio antes de impostos da Sareb, sen considerar a eventual devindicación da retribución do financiamento subordinado.

2. A deterioración de valor de cada «unidade de activos» poderase reverter cando se evidencie que se recuperou o valor dos activos da «unidade de activos», conforme a metodoloxía desenvolvida pola Sareb, co límite do valor que tería a «unidade de activos» de non se ter rexistrado ningunha deterioración. A dita reversión farase reducindo en primeiro lugar o saldo da conta da epígrafe «Axustes por cambio de valor» do patrimonio neto. Unha vez que o saldo desta conta sexa cero, aboarase, de ser o caso, na conta de perdas e ganancias polo importe da reversión pendente de recoñecemento.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xullo de 2017.—O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.